PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS

# INGLÉS

CEIP VICENTE OTERO VALCÁRCEL
CURSO 2021-2022

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LINGUA ESTRANXEIRA: INGLÉS EDUCACIÓN INFANTIL

**CURSO 2021/2022**

# ÍNDICE

INTRODUCIÓN 3

CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE. 3

OBXECTIVOS 5

CONTIDOS 7

CRITERIOS DE AVALIACIÓN 8

METODOLOXÍA 9

MATERIAIS E RECURSOS 11

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE 11

PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN 12

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES 12

CONCRECIÓN DO PLAN DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN. 13

## INTRODUCIÓN

Esta programación realízase para os tres niveis de Educación Infantil, habendo dous grupos en cada nivel. Contamos con 39 alumnos en cuarto, 42 en quinto e 47 en sexto.

A través dunha serie de recursos que serán aquí expostos, o alumnado desenvolverá as súas capacidades expresivas e creativas. Os contos e cancións teñen un carácter comunicativo e lúdico, que conleva o manter unha actitude atenta, tentando imitar e relacionar os xestos coas palabras. O obxectivo é fomentar a interacción e a capacidade de retención e asimilación. Fomentarase o desenvolvemento dúas destrezas principais: A expresión oral desde o primeiro momento con estruturas moi sinxelas pero significativas así como a escoita para familiarizarse cos sons da lingua inglesa. O ensino que leva a cabo é moi activo, dando tempo e ocasión a que o neno ou a nena participe e cante, facendo os correspondentes movementos e xestos.

A través das accións e do xogo, os nenos e as nenas expresan os seus intereses e motivacións e descobren relacións, propiedades de obxectos, formas de actuar e normas.

Estableceranse os reforzos educativos recollidos na memoria do curso anterior e estableceranse as medidas de atención a diversidade necesarias, así como os medios necesarios (en colaboración cos titores, departamento de orientación e Dirección do centro) para compensar as desigualdades observadas durante o período de pandemia e aquelas novas que podan acontecer.

## CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.

A lingua estranxeira no segundo ciclo da Educación Infantil está regulada polo *Decreto 330/2009, do 4 xuño, polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.*

A aprendizaxe dunha lingua estranxeira contribúe, na área de linguaxe, á comunicación e representación, á adquisición da **competencia en comunicación lingüística** de xeito directo, completando, enriquecendo e enchendo de novos matices

comprensivos e expresivos esta capacidade comunicativa xeral. Unha aprendizaxe da lingua estranxeira, baseada no desenvolvemento de habilidades comunicativas, contribuirá ao desenvolvemento desta competencia básica no mesmo sentido que o fai a primeira lingua.

A achega da lingua estranxeira ao desenvolvemento desta competencia é primordial no discurso oral dado que as habilidades de escoitar, falar e conversar, adquiren unha relevancia singular nesta etapa. Así mesmo, a aprendizaxe da lingua estranxeira mellora a competencia comunicativa xeral ao desenvolver a habilidade para expresarse.

A partir da adquisición da linguaxe, esta convértese en vehículo do pensamento humano, en instrumento para a interpretación e a representación da realidade e na ferramenta de aprendizaxe por excelencia. Esta materia contribúe ao desenvolvemento da **competencia para aprender a aprender**, posto que acrecenta a capacidade lingüística xeral conferíndolle novas potencialidades e recursos diferentes para a comprensión e a expresión.

Esta materia é ademais un bo vehículo para o desenvolvemento da **competencia social e cidadá**. As linguas sérvenlles aos/ás falantes para comunicarse socialmente, forman parte da cultura común das diferentes comunidades e nacións. Pero tamén, en boa medida, son vehículo de comunicación e transmisión cultural, e favorecen o respecto, o interese e a comunicación con falantes doutras linguas e o recoñecemento e a aceptación das diferenzas culturais e de comportamento

As competencias citadas están na actualidade en relación directa coa competencia **en tratamento da información e competencia dixital.** A utilización de recursos dixitais para a aprendizaxe é inherente á materia e este uso cotián contribúe directamente ao desenvolvemento desta competencia.

Esta materia inclúe especificamente un achegamento as manifestacións culturais propias da lingua e dos países nos que se fala

e, polo tanto, contribúe a adquirir a competencia artística e cultural, xa que propicia unha aproximación a obras ou autores que contribuíron á creación artística, como na literatura infantil.

O coñecemento dunha lingua estranxeira tamén contribúe á adquisición da **competencia en autonomía e iniciativa persoal**, en varios sentidos. O currículo fomenta o traballo cooperativo na aula, e o manexo de recursos e habilidades persoais dentro da área "O coñecemento de si mesmo/a e a autonomía persoal", e isto supón poñer en funcionamento determinados procedementos que permiten o desenvolvemento de iniciativas e toma de decisións no traballo, propiciando así a autonomía e a iniciativa persoal.

Finalmente, e a pesar de que a competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico e a competencia matemática non se mencionan especificamente nos obxectivos para Lingua Estranxeira por mor da natureza dos materiais, pódense atopar moitas oportunidades de empezar a desenvolver tamén estas competencias.

## OBXECTIVOS

Dentro dos obxectivos da etapa da Educación Infantil contribuiremos máis especialmente a:

**f) Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión.**

**g) Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas e achegarse á lectura e escritura como medio de comunicación, información e gozo.**

**h) Sentir o xesto, o movemento e o ritmo como recursos para a expresión e a comunicación.**

O obxectivo xeral en inglés en Educación Infantil é familiarizar ós nenos e nenas de infantil co inglés máis básico a nivel oral, de xeito que, ó final dos respectivos cursos, poidan comprender e expresar oralmente algúns conceptos sinxelos mediante un vocabulario elemental.

Os obxectivos principais da programación inclúen estes puntos:

- Recoñecer e levar a cabo instrucións sinxelas.
- Comprender as fórmulas básicas de interacción social: saúdos, fórmulas de cortesía, …
- Memorizar e/ou recoñecer cancións e rimas sinxelas, pertencentes á tradición oral infantil nos países de fala inglesa.
- Interiorizar patróns melódicos, fonéticos e rítmicos da lingua inglesa.
- Discriminar fonemas propios da lingua inglesa.
- Apreciar o idioma como medio para relacionarse e comunicarse.
- Coñecer festas e tradicións dos países de fala inglesa.
- Personalizar actividades artísticas con mensaxes moi sinxelas en inglés ou relacionadas con celebracións típicas dos países de fala inglesa (como Halloween).
- Mostrar unha actitude positiva e respectuosa de cara ó inglés e a cultura anglosaxona.
- Participar de xeito responsable nas tarefas e actividades das clases.

- Establecer unhas rutinas que favorezan a aprendizaxe.
- Utilizar recursos non lingüísticos para comprender e facerse comprender: técnicas plásticas, resposta física, entre outras.

## CONTIDOS

Estes son os contidos a tratar:

**E.I. 3 ANOS**: Saúdos, presentacións, o tempo, despedidas, as cores, emocións, os números, as mascotas, a roupa, o corpo, a comida e as festividades de Halloween, Pascua e Christmas.

**E.I. 4 ANOS:** Saúdos, presentacións, o tempo, despedidas; as partes da cara, a familia, as cores, a roupa, os traballos, a escola, a primavera, a comida, os animais, o verán e as festividades de Halloween e Christmas.

**E.I. 5 ANOS:** Saúdos, presentacións, o tempo, despedidas, as cores, os números, as rutinas na casa, os días da semana, o outono, as estacións do ano, os xoguetes, a comida, a cidade, os animais, os animais salvaxes, o verán, a casa e as festividades de Halloween e Christmas.

Estes contidos baséanse no interese por participar en interaccións orais en lingua estranxeira, en rutinas e situacións habituais de comunicación, amosando unha actitude positiva cara a esta lingua.

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN

A lexislación pola que se regula a avaliación é a *Orde do 25 de xuño de 2009 pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación da Educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.*

A avaliación será global, continua e formativa.

Ao finalizar cada un dos tres trimestres, no boletín de notas aparecerá unha escala de valoración: Con dificultade, sen dificultade e en proceso de cada indicador específico de inglés para cada discente.

O criterio de avaliación da lingua estranxeira inglés é:

-Amosar unha actitude positiva cara á aprendizaxe dunha lingua estranxeira, interesándose por participar en interaccións orais en rutinas, xogos e situación habituais de comunicación.

Os seus indicadores específicos:

- Amosa interese por participar en interaccións orais nunha lingua estranxeira.
- Mantén unha actitude positiva cara á lingua estranxeira.
- Amosa interese por coñecer aspectos da lingua e cultura estranxeira.
- Participa empregando formas non lingüísticas (xestos, accións) en actividades desenvolvidas na lingua estranxeira.
- Gusta de participar nas actividades lúdicas propostas de imitación e repetición de sons, palabras e enunciados significativos.

- Participa activamente nas actividades que combinan o uso da lingua e a resposta corporal implicada pola orde emitida.
- Amosa interese por coñecer cancións e rimas noutra lingua.
- Emprega expresións convencionais de cortesía de saúdo, na lingua estranxeira.
- Emprega expresións convencionais de cortesía de despedida na lingua estranxeira.
- Emprega expresións convencionais de cortesía para desculparse na lingua estranxeira.
- Emprega expresións convencionais de cortesía de agradecemento na lingua estranxeira.

## METODOLOXÍA

A aprendizaxe dunha lingua estranxeira nos nenos da Etapa de Infantil é moi semellante ao proceso de adquisición da lingua materna. O neno deberá entrar en contacto cunha linguaxe sinxela, pero natural, que non se limite a unhas poucas palabras de vocabulario específico, senón que constitúa unha ferramenta coa que acceder á realidade que o rodea. Noutras palabras, tan importantes son as frases que marcan a labor cotiá na aula de inglés como as que aparecen nas unidades dos materiais da clase.

Deben iniciarse na aprendizaxe da nova lingua a través de imitación e repetición de sons, palabras e enunciados significativos, sempre cunha intención lúdica. A comprensión e a expresión oral deben ser a base no ensino da lingua estranxeira, onde o alumnado ten que aprender de maneira natural e a través do xogo, escoitando, practicando e participando o maior tempo posible coa primeira lingua estranxeira.

As destrezas básicas desenvolvidas serán as receptivas e darase prioridade ó uso comunicativo e funcional da lingua. Insistir ase no uso do idioma, é dicir, na posibilidade do falante de comunicar unha mensaxe. Por iso, os erros considéranse parte natural do proceso de aprendizaxe e, como tales, son tratados de xeito didáctico e como fonte de coñecementos.

Tamén se van recrear situacións e contextos nos que o alumnado teña que responder actuando: resposta física total (TPR: Total Physical Response, de Asher). Proporanse actividades que combinen e propicien o uso da lingua e a acción física implicada pola orde emitida.

A metodoloxía das sesións consistirá na introdución gradual de mandatos por parte do docente ou mediante cancións e rimas, pedindo ó alumnado que responda a elas. Estableceranse unhas rutinas como marco de referencia para desenvolver as actividades que se van realizar durante as sesións, posto que os nenos e nenas se senten máis seguros cando coñecen o ambiente no que se moven. As actividades que se leven a cabo deben ser atractivas para os nenos e nenas, facendo que se sintan integrados ó tempo que intenten potenciar as súas destrezas orais.

Ademais, repetiranse con certa frecuencia ó comezo da sesión, para repasar o aprendido, e ó final da mesma para insistir nos novos termos.

O método que se emprega favorece o desenvolvemento das destrezas orais do alumnado, potencia o seu desenvolvemento intelectual, expresivo, psicomotor e social, ó tempo que fomenta a interacción entre os nenos e nenas.

No caso de que teñamos que impartir clase a distancia, traballaranse os estándares que teñan a consideración de mínimos fundamentalmente. As actividades propostas estarán aloxadas na aula virtual do centro. Empregarase a plataforma de videochamada para traballar o compoñente oral da lingua así como para resolver dúbidas.

## MATERIAIS E RECURSOS

Está establecida unha hora semanal para cada grupo dividida en sesións de 25 minutos que terán lugar en dous días á semana. A organización eficaz do espazo e o tempo é vital para garantir a harmonía e o éxito na aula e que os nenos e nenas se sintan seguros e cómodos, fomentando as posibilidades de comunicación, experimentación, autonomía, creatividade e xogo o cal influirá directa e decisivamente na aprendizaxe.

As clases impártense nas aulas ordinarias, e contamos cos seguintes recursos: pantalla e proxector, ordenador, contos, cancións, películas, fichas, pósters, flashcards, cubos para xogar, mascota da aula, entre outros.

## MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Traballar con todos os nenos e nenas da escola fai que, á hora de deseñar unha programación, teñamos que ter en conta a grande diversidade coa que nos imos atopar, debido ás dimensións do grupo co que imos traballar. Polo tanto, terá que ser unha programación aberta e flexible, coma o currículo, que permita que unha mesma actividade se realice de distintos xeitos e con diferente grao de dificultade segundo as diferenzas individuais de cada neno/a e as súas necesidades propias.

Cada alumno/a ten as súas peculiares características e ritmos de aprendizaxe, por iso será moi útil realizar actividades para que os rapaces/as reforcen e amplíen os seus coñecementos dun xeito motivador e cando sexa preciso contarase co Departamento de Orientación formado por: Orientadora, mestra de Audición e Linguaxe e mestra de Pedagoxía Terapéutica.

## PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Para a realización da avaliación terei en conta que a educación infantil será global, continua e formativa, e que se basea na observación directa e sistemática.

Ó comezo de cada unidade, faise unha avaliación inicial para detectar coñecementos previos e, ó final da unidade, unha avaliación final, para constatar as aprendizaxes que foron acadando e as posibles dificultades.

Hai que ter presente que a avaliación comprende todos os elementos do proceso de ensino - aprendizaxe, que non persegue un fin en si mesma e que nos axudará a mellorar aquilo que non funcione. Por iso, tamén, avalíase a práctica docente, o que permite realizar modificacións: na programación inicial, si se detecta que a actuación didáctica non é a axeitada; nos espazos e nos tempos, se non están ben planificados; nos materiais, se non son efectivos, etcétera.

## ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

A programación é aberta e flexible, polo que se vai adaptando ó contexto (alumnos, festividades, período de adaptación,…) e ás distintas actividades complementarias e extraescolares promovidas, propostas ou organizadas desde a escola. Por ese motivo, inclúese na planificación festividades como Halloween (celebrada conxuntamente co Samaín), Nadal, etc. Este curso debido á situación excepcional polo COVID 19, as festividades faranse por aula

## CONCRECIÓN DO PLAN DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN.

Desde a área de inglés, tentamos de facilitar e fomentar o manexo das novas tecnoloxías no centro. Os nenos e nenas poden gozar de material multimedia en inglés, no que traballan distintas destrezas a través de actividades de colorear, relacionar e xogos, cancións e breves películas, axeitadas ó seu nivel de desenvolvemento.

Entran en contacto co inglés traballando (no que seguen instrucións sinxelas en inglés), no ordenador de mesa de cada aula, con CDs de música, DVDs etc

# LINGUA ESTRANXEIRA: INGLÉS.

# 1º EDUCACIÓN PRIMARIA

# CURSO 2021/22

## ÍNDICE

1. INTRODUCIÓN 2

2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE. CONCRECIÓN DOS ESTÁNDARES QUE FORMAN PARTE DOS PERFÍS COMPETENCIAIS: 2

3. CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS PARA O CURSO: 3

4. CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE: TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN E PROCEDEMENTOS EINSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN: 4

6. RECURSOS DIDÁCTICOS 33

7. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN E A CUALIFICACIÓN: 35

8. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINANZA E A PRÁCTICA DOCENTE: 36

9. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS E COLECTIVAS QUE SE PODAN ADOPTAR A CONSECUENCIA DOS SEUS RESULTADO: 37

10. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE: 37

11. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN EN CADA CURSO: 38

12. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA: 39

13. CONTRIBUCIÓN AOS PLANS DE CENTRO: 41

## 1. INTRODUCIÓN

A área de inglés tratará de abordar no primeiro curso da educación primaria contidos relacionados coa súa contorna máis próxima, levando a cabo unha ensinanza activa e motivadora, dándolle énfase á oralidade e adquisición de estruturas sinxelas e vocabulario enriquecedor.

No caso de contextos de ensinanza a distancia ou mixta empregaranse a aula virtual e tamén Webex para establecer videoconferencias.

Estableceranse os reforzos educativos recollidos na memoria do curso anterior e as medidas de atención a diversidade necesarias, así como os medios necesarios (en colaboración cos titores, departamento de orientación e Dirección do centro) para compensar as desigualdades observadas durante o período de pandemia e aquelas novas que podan acontecer.

O noso alumnado está, na súa maioría, motivado cara a aprendizaxe da lingua estranxeira. Neste curso de primeiro de primaria contamos con 47 alumnos divididos en dous grupos A e B.

Neste curso o alumnado permanecerá na súa respectiva aula que están dotadas cos medios audiovisuais necesarios.

## 2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE. CONCRECIÓN DOS ESTÁNDARES QUE FORMAN PARTE DOS PERFÍS COMPETENCIAIS:

| C.A.A | C.C.L |
|---|---|
| **PLEB3.3. Fai hipóteses sobre o tema dun texto elemental a partir do título do mesmo e das imaxes que o ilustran.** | **PLEB1.1. Comprende a información esencial dun conto, rima ou canción moi breves e sinxelos, previamente traballados, emitidos lentamente, cunha pronuncia ben articulada, e con apoios visuais moi redundantes que axuden á comprensión. .** |

## 3. CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS PARA O CURSO:

Os obxectivos están definidos *polo artigo 4 do Decreto 105/2014, do 4 de setembro*, como aqueles referentes relacionados coas metas que os estudantes deben alcanzar ao final do proceso educativo, como resultado das experiencias de ensino-aprendizaxe planificadas con tal fin.

A Lei de educación, LOMCE, establece os obxectivos para alcanzar ao final da etapa de Educación Primaria, sen especificar os a adquirir en cada área. Por tanto, o ensino dunha lingua estranxeira na etapa primaria ten como obxectivo o desenvolvemento das seguintes capacidades nos estudantes (dando prioridade aos obxectivos b, c, f e i):

a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.

b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.

c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.

d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas e a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.

e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas.

f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.

g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicalos ás situacións da súa vida cotiá.

h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.

i) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante

as mensaxes que reciben e elaboran.

j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.

k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.

m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.

n) Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.

o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

## 4. CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE: TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN E PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN:

| **LINGUA ESTRANXEIRA (INGLÉS)1º NIVEL (Primeiro Trimestre)** | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | **ESTÁNDARES** | **GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN** | **INSTRUMENTOS AVALIACIÓN** | **CC** | CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN (Ponderación trimestral) |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **1º** | PLEB1.1. Comprende a información esencial dun conto, rima ou canción moi breves e sinxelos, previamente traballados, emitidos lentamente, cunha pronuncia ben articulada, e con apoios visuais moi redundantes que axuden á comprensión. | Comprende a información esencial dun conto breve emitido lentamente con apoio xestual e/ou acompañado de imaxes. | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática e intercambios orais.<br><br>INSTRUMENTOS: Escala de observación. | CCL | **5%** |
| **1º** | PLEB1.2.Comprende vocabulario moi elemental e sinxelo sobre temas familiares acompañados de imaxes que os ilustran con claridade. | Comprende e relaciona o vocabulario básico traballado e o relaciona con imaxes. | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. Intercambios orais cos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Escala de observación. | CCL | **5%** |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **1º** | **PLEB1.3. Comprende preguntas moi básicas sobre si mesmo/a (nome, idade, gustos...) e a información igualmente básica sobre outras persoas.** | **Comprende preguntas moi básicas sobre identificación persoal (nome, idade e gustos).** | **PROCEDEMENTOS:** **Observación sistemática. Intercambios orais cos alumnos/as. Análise das producións dos alumnos/as.**<br><br>**INSTRUMENTOS:** **Escala de observación. Entrevista. Xogos de simulación e de rol.** | **CCLCAA** | **5%** |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| 1º | PLEB1.4 . Sigue instrucións e comprende peticións relativas á vida escolar máis básica (abrir, pechar o libro, sentar, dar un lapis…) | Sigue instruccións básicas para o normal desenvolvemento da clase. | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.<br><br>INSTRUMENTOS: Diario de clase. | | 5% |
| 1º | PLEB2.2. Pregunta e responde para dar/obter información en conversas moi sinxelas e elementais (nome, idade, cor favoritas ou gustos). | Responde para dar información sobre identificación persoal (nome, idade) | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Observación sistemática. Xogos de relacionar.<br><br>INSTRUMENTOS: Diario de clase. Rúbricas. | CCL | 5% |
| 1º | PLEB2.3. Amosa unha actitude de escoita atenta. | Amosa unha actitude de escoita atenta. | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.<br><br>INSTRUMENTOS: Escala de observación. | CSC | 10% |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **1º** | **PLEB2.4. Reproduce comprensiblemente textos orais moi sinxelos e breves (p.e. cancións, rimas) aprendidos a través de xogos.** | **Reproduce cancións aprendidas a través de xogos.** | **PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Escala de observación.** | | **5%** |
| **1º** | PLEB3.4. Le en voz alta textos moi breves, moi elementais e previamente traballados de forma oral, con entoación e pronuncia comprensibles e, se cumprise, rectificando espontaneamente. (identifica as palabras do vocabulario traballado) | Identifica a forma escrita de palabras previamente traballadas de forma oral. | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase | CCL CAA | **20%** |
| **1º** | **PLEB4.1. Escribe palabras relacionadas coa súa imaxe e a súa vida cotiá.** | **Copia palabras relacionadas coa súa vida cotiá traballadas na clase.** | **PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Rúbrica** | **CCL** | **20%** |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **1º** | PLEB5.1. Identifica aspectos básicos da vida cotiá dos países onde se fala a lingua estranxeira (horarios, comidas, festas …) e compáraos cos propios, amosando unha actitude de apertura cara ao diferente. | Amosa unha actitude de apertura cara as diferentes costumes doutras sociedades. | PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. Observación sistemática.<br><br>INSTRUMENTOS: Escala de observación. | **CAA** | **2%** |
| **1º** | **PLEB5.2. Recoñece e utiliza fórmulas básicas de relación social.** | **Saúda ao empezar a clase e despídese ao rematar.** | **PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.**<br><br>**INSTRUMENTOS: Escala de observación.** | **CCL**<br>**CSC** | **2%** |
| **1º** | PLEB5.3. Participa voluntariamente nas actividades de aula e amosa curiosidade pola lingua e por coñecer aspectos socioculturais dos países | Participa voluntariamente nas actividades propostas. | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. | CCL<br>CSIEE | **2%** |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | onde se fala. | | INSTRUMENTOS: Escala de observación. | | |
| **1º** | PLEB5.6. Expresa e identifica estados de ánimo básicos (happy, sad…) | Identifica happy/sad. | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática e intercambios orais.<br><br>INSTRUMENTOS: Escala de observación. | CCL | **2%** |
| **1º** | PLEB5.7. Expresa e identifica o permiso e a prohibición (you cant/can´t) o acordo (That’s right). | Identifica permiso e prohibición. | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática e intercambios orais.<br><br>INSTRUMENTOS: Escala de observación. | CCL | **2%** |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **1º** | PLEB5.10. Memoriza rutinas lingüísticas básicas e moi sinxelas para, por exemplo, desenvolverse nas interaccións de aula. | Memoriza rutinas lingüísticas moi sinxelas para desenvolverse na aula (stand up, sit down, don't run, be quiet, open/close your book). | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática e intercambios orais.<br><br>INSTRUMENTOS: Escala de observación. | CCL | **2%** |
| **1º** | **PLEB5.12. Comprende e usa adecuadamente o vocabulario básico necesario para participar nas interaccións de aula, ler textos infantís moi sinxelos e escribir con léxico traballado previamente.** | **Comprende o vocabulario básico traballado: numbers to 10, colours, family (mummy, daddy, brother, sister), school things (Pencil, book, crayon, rubber, sharpener), seasons** | **PROCEDEMENTOS: Observación sistemática e intercambios orais.<br><br>INSTRUMENTOS: Escala de observación e rúbrica.** | CCL<br>CSC | **4%** |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | **(summer,autumn, winter, spring), days of the week.** | | | |
| **1º** | **PLEB5.11. Participa activamente en xogos de letras, elaboración de glosarios ilustrados, etc.** | **Participa en xogos e cancións desenvolvidos na aula.** | **PROCEDEMENTOS:** **Observación sistemática e intercambios orais.**<br><br>**INSTRUMENTOS:** **Escala de observación.** | **CCL**<br>**CSC** | **4%** |

| **LINGUA ESTRANXEIRA (INGLÉS)1º NIVEL (Segundo Trimestre)** | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | **ESTÁNDARES** | **GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN** | **INSTRUMENTOS** | **CC** | CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN (Ponderación trimestral) |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **2º** | PLEB1.1. Comprende a información esencial dun conto, rima ou canción moi breves e sinxelos, previamente traballados, emitidos lentamente, cunha pronuncia ben articulada, e con apoios visuais moi redundantes que axuden á comprensión. | Comprende a información esencial dun conto breve emitido lentamente con apoio xestual e/ou acompañado de imaxes. | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática e intercambios orais.<br><br>INSTRUMENTOS: Escala de observación. | CCL | **10%** |
| **2º** | PLEB1.2.Comprende vocabulario moi elemental e sinxelo sobre temas familiares acompañados de imaxes que os ilustran con claridade. | Comprende e relaciona o vocabulario básico traballado e o relaciona con imaxes. | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Escala de observación. Posta en común | CCL | **10%** |
| **2º** | PLEB2.1. Fai presentacións moi breves e elementais previamente preparadas e ensaiadas sobre temas moi próximos a si mesmo/a (dicir o seu nome, idade, a | Fai unha presentcación previamente traballada e | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. Intercambios orais | CCL | **5%** |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | súa cor favorita, presentar á súa familia, indicar os seus gustos) cunha pronuncia e entoación comprensibles. | ensaiada decindo o seu nome e idade e presentando a súa familia. | cos alumnos/as. Xogos de simulación e rol.<br>INSTRUMENTOS: Escala de observación. Rúbrica. | | |
| **2º** | PLEB2.2. Pregunta e responde para dar/obter información en conversas moi sinxelas e elementais | Responde para dar información sobre identificación persoal (nome. idade e pertenencias) | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. Intercambios orais cos alumnos/as. Xogos de simulación e rol.<br>INSTRUMENTOS: Escala de observación. Rúbrica. | **CCL** | **5%** |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **2º** | **PLEB2.3. Amosa unha actitude de escoita atenta.** | **Amosa unha actitude de escoita atenta.** | **PROCEDEMENTOS:** **Observación sistemática.** **Intercambios orais cos alumnos/as.** **INSTRUMENTOS:** **Escala de observación.** | | **5%** |
| **2º** | **PLEB2.4. Reproduce comprensiblemente textos orais moi sinxelos e breves (p.e. cancións, rimas) aprendidos a través de xogos.** | **Reproduce comprensiblemente cancións aprendidas a través de xogos.** | **PROCEDEMENTOS:** **Observación sistemática.** **INSTRUMENTOS:** **Escala de observación.** | | **5%** |
| **2º** | **PLEB3.1. Comprende palabras** e frases moi sinxelas **escritas, relacionadas cos temas traballados.** | **Relaciona palabras e imaxes correspondentes ao vocabulario básico** | **PROCEDEMENTOS:** **Exercicios de establecer relacións.** | CCL | **10%** |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | **traballado na clase.** | **INSTRUMENTOS:** **Escala de observación.** **Rúbrica**. | | |
| **2º** | PLEB3.4. Le en voz alta palabras e textos moi breves, moi elementais e previamente traballados de forma oral, con entoación e pronuncia comprensibles e, se cumprise, rectificando espontaneamente | Identifica e le a forma escrita de palabras previamente traballadas de forma oral. | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. Exercicios de comprensión escrita INSTRUMENTOS: Escala de observación. Rúbrica. | CCLCAA | **10%** |
| **2º** | **PLEB4.1. Escribe palabras relacionadascoa súa imaxe e a súa vida cotiá.** | **Escribe palabras relacionadas coa súa vida cotiá traballadas na clase.** | **PROCEDEMENTOS:** **Fichas de escritura na lingua inglesa** **INSTRUMENTOS:** **Rúbrica.** | CCL | **10%** |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **2º** | PLEB4.4. Revisa o texto antes de facer a súa versión definitiva, elaborando borradores nos que se observa a reparación da ortografía e doutros aspectos relacionados coa secuencia adecuada das frases e mesmo a pertinencia das ilustracións, se é o caso. | Corrixe os erros sinalados. | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Escala de observación. | CCL | **10%** |
| **2º** | **PLEB5.2. Recoñece e utiliza fórmulas básicas de relación social.** | **Responde aos saúdos en calqueira situación. Pide por favor e agradece en situacións preparadas.** | **PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. Intercambios orais cos alumnos/as. Xogos de simulación e rol. INSTRUMENTOS: Escala de observación.** | **CCLCSC** | **2%** |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **2º** | PLEB5.5. Pregunta e responde de xeito comprensible sobre aspectos persoais moi básicos nome, idade e gustos) e da súa contorna (obxectos, espazos e seres vivos). | Pregunta nome, idade e interésase pola identificación e posesión de obxectos (What is this? Have you got…?) | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. Intercambios orais cos alumnos/as. Xogos de simulación e rol. INSTRUMENTOS: Escala de observación. Rúbrica. | **CCL** | **2%** |
| **2º** | PLEB5.7. Expresa e identifica o permiso e a prohibición (you cant/can´t) o acordo (That's right). | Identifica permiso, prohibición e acordo. | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. Intercambios orais cos alumnos/as. Xogos de simulación e rol. INSTRUMENTOS: Escala de | CCL | **2%** |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | | observación.<br>Rúbrica. | | |
| **2º** | PLEB5.9 Diferenza preguntas e respostas moi simples. | Diferenza preguntas e respostas moi simples. | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.<br>INSTRUMENTOS: Escala de observación. | CCL | **2%** |
| **2º** | PLEB5.10 Memoriza rutinas lingüísticas básicas e moi sinxelas para, por exemplo, desenvolverse nas interaccións de aula. | Memoriza rutinas básicas para desenvolverse nas interaccións de aula. | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. Intercambios orais cos alumnos/as.<br>INSTRUMENTOS: Escala de observación. | CCL | **4%** |
| **2º** | **PLEB5.11 Participa activamente en xogos de letras, elaboración de glosarios ilustrados, etc.** | **Participa activamente en actividades de grupo relacionadas coa escritura.** | **PROCEDEMENTOS: Exercicios de expresión escrita na lingua inglesa** | CCL<br>CSC | **4%** |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | | **INSTRUMENTOS: Rúbrica.** | | |
| **2º** | **PLEB5.12 Comprende e usa adecuadamente o vocabulario básico necesario para participar nas interaccións de aula, ler textos infantís moi sinxelos e escribir con léxico traballado previamente.** | **Comprende e usa o vocabulario básico (o correspondente a avaliación anterior e animals: dog, cat, rabbit,fish, spider; toys: ball, car, doll, robot, game console; big, small).** | **PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. Intercambios orais cos alumnos/as. Xogos de simulación e rol. INSTRUMENTOS: Escala de observación. Rúbrica.** | **CCL CSC** | **4%** |

| LINGUA ESTRANXEIRA (INGLÉS)1º NIVEL (Terceiro Trimestre) | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | ESTÁNDARES | GRADO DE CONSECUCIÓN | | CC | CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN (Ponderación trimestral) |
| 3º | **PLEB1.1. Comprende a información esencial dun conto, rima ou canción moi breves e sinxelos, previamente traballados, emitidos lentamente, cunha pronuncia ben articulada, e con apoios visuais moi redundantes que axuden á comprensión.** | **Comprende a información esencial dun conto breve emitido lentamente con apoio xestual e/ou acompañado de imaxes.** | **PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Escala de observación.** | CCL | **5%** |
| 3º | PLEB1.2.Comprende vocabulario moi elemental e sinxelo sobre temas familiares acompañados de imaxes que os ilustran con claridade. | Comprende e relaciona o vocabulario básico traballado e o relaciona con imaxes. | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. Intercambios orais cos alumnos/as. Xogos de simulación e rol. | CCL | **10%** |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | | INSTRUMENTOS:<br>Escala de observación.<br>Rúbrica. | | |
| **3** | **PLEB1.4 . Sigue instrucións e comprende peticións relativas á vida escolar máis básica** | **Sigue instruccións básicas para o normal desenvolvemento da clase.**<br>**(abrir, pechar o libro, sentar, dar un lapis…)** | **PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.**<br>**INSTRUMENTOS: Diario de clase.** | CCL | **5%** |
| **3º** | PLEB2.2. Pregunta e responde para dar/obter información en conversas moi sinxelas e elementais (nome, idade, cor favoritas ou gustos). | Pregunta e responde para dar/obter información en conversas moi sinxelas e elementais (nome, idade, cor favoritas ougustos). | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Observación sistemática. Xogos de relacionar.<br><br>INSTRUMENTOS: Diario de clase. Rúbricas. | **CCL** | **5%** |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **3º** | **PLEB2.3. Amosa unha actitude de escoita atenta.** | **Amosa unha actitude de escoita atenta.** | **PROCEDEMENTOS:** **Observación sistemática.** **INSTRUMENTOS:** **Escala de observación.** | **CCL** **CSC** | **5%** |
| **3º** | **PLEB2.4. Reproduce comprensiblemente textos orais moi sinxelos e breves (p.e. cancións, rimas)aprendidos a través de xogos.** | **Reproduce comprensiblemente cancións e rimas aprendidas a travésde xogos.** | **PROCEDEMENTOS:** **Observación sistemática.** **INSTRUMENTOS:** **Escala de observación.** | CCL | **10%** |
| **3º** | **PLEB3.1. Comprende palabras e frases moi sinxelas escritas, relacionadas costemas traballados.** | **Comprende palabras e frases moi sinxelas escritas, traballadas previamente na** | **PROCEDEMENTOS:** **Exercicios de establecer relacións.** **INSTRUMENTOS:** **Escala de** | CCL | **5%** |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | **clase.** | **observación. Rúbrica.** | | |
| **3º** | **PLEB3.2. Comprende a idea principal dunha historia moi elemental acompañada de apoio visual e identifica os e as personaxes principais.** | **Comprende a idea principal dunha historia moi elemental acompañada de apoio visual** | **PROCEDEMENTOS: Observación sistemática e interacción oral. INSTRUMENTOS: Escala de observación..** | CCL | **5%** |
| **3º** | PLEB3.3. Fai hipóteses sobre o tema dun texto elemental a partir do titulo do mesmoe das imaxes que o ilustran. | Predice o que vai suceder nunha historia a partir das imaxes que a ilustran, | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. Preguntas relacionadas coas conexións entre o texto e as imaxes. INSTRUMENTOS: Escala de observación. Rúbrica. | CCL<br>CAA | **5%** |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **3º** | PLEB3.4. Le en voz alta textos moi breves, moi elementais e previamente traballados de forma oral, con entoación e pronuncia comprensibles e, se cumprise, rectificando espontaneamente | Identifica e le a forma escrita de palabras e frases sinxelas previamente traballadas de forma oral. | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. Exercicios de comprensión escrita INSTRUMENTOS: Escala de observación. Rúbrica. | CCL CAA | **5%** |
| **3º** | PLEB4.2. Escribe pequenos diálogos ou narracións moi sinxelas e breves seguindo un modelo dado e respectando a estrutura gramatical máis sinxela. | Ordena un diálogo ou narración moi sinxela seguindo un modelo dado. | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. Exercicios de comprensión escrita INSTRUMENTOS: Escala de observación. Rúbrica. | **CCL** | **5%** |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **3º** | **PLEB4.3. Escribe frases moi sinxelas, lexibles, organizadas con coherencia na súa secuencia e con léxico relacionado co tema da escritura.** | **Escribe de forma lexible frases moi sinxelas utilizando o vocabulario coñecido.** | **PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. Exercicios de comprensión escrita INSTRUMENTOS: Escala de observación. Rúbrica.** | **CCL** | **10%** |
| **3º** | PLEB4.4. Revisa o texto antes de facer a súa versión definitiva, elaborando borradores nos que se observa a reparación da ortografía e doutros aspectos relacionados coa secuencia adecuada das frases e mesmo a | Corrixe as faltas indicadas, repetindo o texto si é necesario. Acompaña os seus traballos de ilustracións pertinentes se éo caso. | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Escala de observación. | CCL | **5%** |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | pertinencia das ilustracións, se é o caso. | | | | |
| **3º** | PLEB5.8. Estrutura adecuadamente os elementos das oracións, mantén a concordancia de número e usa correctamente os nexos básicos. | Estrutura adecuadamente os elementos nunha oración simple. | PROCEDEMENTOS: Exercicios de expresión escrita.. INSTRUMENTOS: Rúbrica. | CCL | **3%** |
| **3º** | PLEB5.9 Diferenza preguntas e respostas moi simples. | Diferenza preguntas e respostas moi simples. | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Escala de observación | CCL | **3%** |
| **3º** | **PLEB5.10 Memoriza rutinas lingüísticas** | **Memoriza rutinas lingüísticas básicas e moi sinxelas para** | **PROCEDEMENTOS: Observación** | CCL | **5%** |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | básicas e moi sinxelas para, por exemplo, desenvolverse nas interaccións de aula. | desenvolverse nas interaccións de aula. | sistemática e intercambios orais.<br><br>INSTRUMENTOS: Escala de observación. | | |
| 3º | PLEB5.12 Comprende e usa adecuadamente o vocabulario básico necesario para participar nas interaccións de aula, ler textos infantís moi sinxelos e escribir con léxico traballado previamente. | Comprende e usa adecuadamente o vocabulario básico necesario para participar nas interaccións de aula, ler textos infantís moi sinxelos e escribir con léxico traballado previamente (o corresponedente as avaliacións anteriores, partes do corpo básicas: eyes, nose, mouth, ears, arms, legs; alimentos básicos (water, milk, chocolate, apples...) | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. Intercambios orais cos alumnos/as. Xogos de simulación e rol. INSTRUMENTOS: Escala de observación. Rúbrica. | CCL<br>CSC | 5% |

## 5. METODOLOXÍA

A metodoloxía didáctica no ensino da lingua estranxeira será esencialmente **comunicativa**, polo que os elementos do currículo definíronse en base aos procesos de comunicación aos que van enfocados: comprensión e produción de textos orais e escritos.

A metodoloxía estará dirixida a conseguir que a aprendizaxe da lingua estranxeira teña unha finalidade práctica, é dicir, que os alumnos poidan aplicar os seus coñecementos no mundo real. O alumno traballará na adquisición das competencias implicadas na comunicación e a capacidade de polas en práctica nos diferentes contextos de aprendizaxe. Fomentarase o uso da lingua no desenrolo das sesións.

| **3º** | PLEB5.15 Relaciona elementos socioculturais estranxeiros cos propios para avanzar no desenvolvemento dunha conciencia intercultural. | Relaciona elementos socioculturais alleos cos propios e analiza diferencias e similitudes. | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Escala de observación | · CSC | **2%** |

## 4. METODOLOXÍA

A metodoloxía didáctica no ensino da lingua estranxeira será esencialmente **comunicativa**, polo que os elementos do currículo definíronse en base aos procesos de comunicación aos que van enfocados: comprensión e produción de textos orais e escritos.

A metodoloxía estará dirixida a conseguir que a aprendizaxe da lingua estranxeira teña unha finalidade práctica, é dicir, que os alumnos poidan aplicar os seus coñecementos no mundo real. O alumno traballará na adquisición das competencias implicadas na comunicación e a capacidade de polas en práctica nos diferentes contextos de aprendizaxe. Fomentarase o uso da lingua no desenrolo das sesións.

Todos os contextos e situacións nas que os alumnos se aproximan ao idioma serán relevantes e estarán relacionados coas súas experiencias.

Complementaremos a aprendizaxe da lingua coa aprendizaxe integrada de contido doutras areas simultaneamente cos obxectivos da linguaxe e os obxectivos dos contidos. Desta maneira, aprender inglés non se limita a adquirir simplemente outro conxunto de palabras, senón que implica o desenvolvemento dos conceptos que hai detrás das propias palabras. O alumno poderá desenvolver as súas destrezas de pensamento coas súas habilidades comunicativas en lingua inglesa.

A aprendizaxe relacionada cos contidos ten varios efectos positivos na actividade da clase:

- Podemos aproveitar o coñecemento dos contidos e dos conceptos que xa teñen os alumnos como soporte para desenvolver a aprendizaxe da lingua.
- Temos unha fonte moi ampla de contidos e de recursos cos que traballar. Esta aprendizaxe amplía o campo tanto para o profesor como para o alumnado.
- Hai máis probabilidades de que os estudantes participen cando son percibidos como individuos que teñen algo que ofrecer.
- O alumnado aprende o vocabulario dentro do marco dos conceptos que o sosteñen. Isto significa que o desenvolvemento cognitivo dos alumnos vai en paralelo coa ampliación do seu vocabulario.
- Deste xeito poden identificar os obxectivos dos contidos moito máis facilmente que os obxectivos da linguaxe (a aprendizaxe do mundo animal é unha actividade recoñecible polo alumnado mentres que a aprendizaxe da gramática non o é).

A aprendizaxe é moito máis efectiva cando se goza do proceso. Tanto as **cancións, como as rimas, as historias ou os xogos** proporcionan formas divertidas coas que abarcar unha variada tipoloxía de actividades, así como os diferentes estilos de aprendizaxe.

O apoio entre compañeiros xoga un papel esencial no desenvolvemento das clases, polo que animarase aos alumnos a traballar en

colaboración e a apoiarse uns a outros a través de actividades en **parellas e en grupos**, procurando fomentar o traballo cooperativo, mantendo en todo momento a distancia social e seguindo as indicacións da consellería no que respecta a prevención de riscos. Para este tipo de **traballo cooperativo**, respectaranse os subgrupos estables de convivencia que se creen na aula burbulla para o traballo co seu mestre de referencia.

A práctica oral preséntase de diferentes formas: actividades de repetición como rimas, cancións ou trabalinguas, diálogos onde os alumnos toman parte lendo a transcrición, modificando modelos ou creando a partir de exemplos segundo a súa capacidade, enquisas e cuestionarios, xogos diversos que implican expresión oral, facer preguntas ou realizar descricións para seguir o xogo, actividades de role-play e intercambios de preguntas e respostas en parellas e ou grupos.

Utilización da linguaxe para maximizar a comprensión: adiviñar o significado, facilitar “anacos” de linguaxe, reformular palabras ou sons incorrectos ou pronunciados de forma pouco clara, repetir información clave e dar pautas para seguir mantendo a conversación.

Como mestres debemos ter coidado de non limitarnos a unha visión pechada da cantidade de vocabulario non coñecido que os alumnos poden entender.

Os contos, cancións e historias de interese para o **alumnado serán o centro principal de cada unidade**, reforzando a experiencia positiva de ler en inglés. As historias serán o vehículo condutor para introducir ou revisar o vocabulario central de cada unidade e proporcionan diferentes oportunidades para atopar ese vocabulario en contextos significativos. Animarase aos alumnos a que se esforcen ao máximo coa súa CAPACIDADE COMUNICATIVA. Para iso, debemos ser conscientes de que a comunicación real implica que os alumnos utilicen a lingua para dicir o que verdadeiramente queren, e non o que queremos que digan.

En canto ao tipo de ACTIVIDADES (tipo de actividades que se levarán a cabo ao longo de cada unha das unidades de aprendizaxe/proxectos), a relación que segue pretende ser unha compilación das mesmas.

Tamén tamén se fará fincapé en aspectos puntuais de gramática para unha maior corrección na produción tanto de textos orais como escritos ao mesmo tempo que facilitará a comprensión oral e escrita para poder acadar a competencia na lingua estranxeira: inglés.

**Bloque 1: Comprensión de textos orais.**

- Rutinas diarias: data, tempo meteorolóxico, estado emocional, ....
- Escoita atenta de contos con apoio visual.
- Escoita con/sen apoio visual de audicións extraídas de contextos reais.
- Responder física/oralmente a preguntas sobre contos.
- Completar oralmente términos que falten en historias/cancións.
- Ordenar secuencias en historias/cancións.
- Actividades de resposta física.
- Asociar imaxes con palabras/frases emitidas oralmente.
- Respostar preguntas sobre si mesmo no contexto da clase.
- Audición e interpretación (resposta física) de cancións que recollan vocabulario e estruturas traballadas.
- Xogos de parella/grupos.

**Bloque 2: Produción de textos orais.**

- Xogos de imitación.
- Cantar cancións e recitar rimas en parellas ou pequeños grupos, mantendo as medidas de seguridade.
- Completar información básica en intervencións nas que se omiten datos.
- Diálogos dirixidos.
- Creación de conversas/resumos relacionados con temas do seu interese.
- Narrar contos con apoio visual.
- Representar pequenas obras teatrais.

**Bloque 3: Comprensión de textos escritos.**

- Ordenar secuencias dunha historia.
- Relacionar palabras, frases e/ou fragmentos escritas con imaxes.

- Atopar palabras coñecidas en dicionarios visuais e bilingües.
- Sustituir imaxes por palabras e viceversa.
- Lecturas extraídas de contextos reais.
- Lectura e comprensión de contos e outra tipoloxía de textos do seu interese e adaptados a súa idade.

**Bloque 4: Produción de textos escritos.**

- Copiar palabras, frases e/ou pequenos fragmentos.
- Encher ocos con palabras coñecidas para completar frases/textos pequenos.
- Sustituir imaxes por palabras.
- Ordenar palabras para obter frases con significado.
- Ordenar frases para obter textos coherentes.
- Elaborar carteis, tarxetas de felicitación e cartas sinxelas.
- Crear pequenos textos sobre temas do seu interés.
- Elaboración de resumos para sintetizar unha lectura/audición previa.
- Completar fichas técnicas.

**Bloque 5: Coñecemento da lingua e consciencia intercultural.**

- Todos os tipos de actividades anteriormente relacionadas.
- Traballo de vocabulario, expresións, nexos, normas ortográficas e gramaticais para axudar a unha boa comprensión e expresión tanto oral como escrita.
- Tarefas de investigación sobre diferentes países/contextos de fala inglesa.

**No caso de alumnado que non poida asistir de xeito presencial ao centro, empregarase a aula virtual como ferramenta para compartir recursos e de comunicación así como a aplicación de videoconferencias facilitada pola Consellería de Educación.

## 5. RECURSOS DIDÁCTICOS

**Recursos das aulas:**

- Reproductor de audio.
- Pizarra dixital.
- Ordenador.
- Aula virtual

**Recursos do Mestre: (eliminaránse as formas físicas en favor das virtuais, como medida de prevención).**

- Proposta curricular.
- Programacións anual, de cada unidade e diario de clase.
- Audio CD. incluindo as cancións, actividades de audio e contos de cada unidade.
- DVD, tanto do método escollido como de outras historias/temas programados.
- Pósters.
- Xoguetes que sirvan de apoio ao desenvolvemento das sesións impulsando a práctica da linguaxe en clase.
- Flashcards que abarquen o vocabulario chave das diferentes unidades.
- Story cards.
- Dicionarios.
- Resource Book, libro de recursos do mestre incluindo materiais para “fast finishers”, reforzo, ampliación e imprevistos.

**Materiais compartidos na rede e páxinas web, como, por exemplo:**

- http://www.enchantedlearning.com
- http://www.britishcouncil.org

- http://www.youtube.com
- http://www.bbc.co.uk
- http://www.learningchocolate.com
- http://www.twinkl.com
- http://www. eslkidsworld.com
- http://www.kidzone.ws
- http://www.dltk-kids.com
- http://www.learningchocolate.com
- http://www.angles365.com
- http://www.mes-games.c

**Materiais TIC:**

- Aulas virtuais dos diferentes niveis (estas manteranse actualizadas e se empregarán durante as clases presenciais para habituar ao alumnado ao seu manexo por se se dese o caso de ter que optar pola ensinanza mixta ou a distancia) e plataforma e-Dixgal.
- Ferramentas para gravación de audio e montaxe de vídeos.

**Material do alumno:**

1º Educación primaria

GO! 1 STUDENT'S PACK. Ed RICHMOND 2018. GO! 3 STUDENT´S PACK. Ed. RICHMOND 2018.

## 7. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN E A CUALIFICACIÓN:

A avaliación será un proceso sistemático e obxectivo que avalíe tanto o proceso de ensino como o de aprendizaxe e se desenvolverá nos tres momentos principias do proceso de ensino-aprendizaxe.

- **Avaliación inicial** para diagnosticar o nivel de adquisición dos estándares do nivel anterior e as posibles dificultades, así como as súas motivacións, expectativas e intereses para adaptar a metodoloxía ás características concretas do mesmo. Os seus resultados reflectiranse nunha folla de observación e non terá valor cuantitativo.
- **Avaliación continua**, durante todo o proceso para analizar en todo momento os progresos e as dificultades que vaian xurdindo. Así, poderemos adaptar e modificar as accións educativas para mellorar o proceso.
- Ao rematar cada unha das unidades didácticas/proxectos, realizarase unha **avaliación final** ou sumativa na que se avaliará a adquisición dos estándares traballados.

**Criterios de cualificación**

Utilizaranse os estándares de aprendizaxe, entendidos como as distintas destrezas dentro dun criterio de avaliación, para avaliar o alumnado dunha maneira obxectiva e detallada.

Cada un dos bloques (comprensión e expresión oral, comprensión e expresión escrita, coñecemento da lingua) suporá o 20% da cualificación final en cada avaliación. O valor específico de cada estándar en cada avaliación está reflectido na táboa correspondente

**Para superar cada avaliación será necesario o cumprimento dos estándares mínimos** que supoñen o 50% da cualificación global.

A calificación final do curso será a suma do 25% do resultado da evaluación 1, o 35% da evaluación 2 e o 40% da evaluación

A consecución de cada estándar será avaliada con procedementos e instrumentos variados, co fin de obter os datos máis precisos.

Os resultados da avaliación expresaranse nos termos de insuficiente, para as cualificacións negativas, suficiente, ben, notable ou sobresaliente para as cualificacións positivas segundo o legalmente establecido.

## 8. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINANZA E A PRÁCTICA DOCENTE:

| AVALIACIÓN DA PRÁCTICA DOCENTE | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | 0 | 1 | 2 | 3 | 4 | **5** |
| **Parto dos coñecementos previos do alumnado.** | | | | | | |
| **Explico con claridade secuenciando claramente as tarefas que ten que facer o alumnado.** | | | | | | |
| **Comprobo se o alumnado entende o que se explica.** | | | | | | |
| **Resolvo as dúbidas do meu alumnado adaptándome ás súas necesidades.** | | | | | | |
| **Interveño cando o alumnado actúa dun xeito incorrecto.** | | | | | | |

## 9. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS E COLECTIVAS QUE SE PODAN ADOPTAR A CONSECUENCIADOS SEUS RESULTADO:

A avaliación inicial será o referente das medidas a contemplar que deriven dos resultados da mesma. Levarase a cabo durante o mes de setembro.

Consistirá nunha proba oral na que se recollerán conceptos básicos.

En función dos resultados obtidos traballarase de novo o que sexa preciso, farase máis fincapé nos conceptos ou cuestión nos que amosen máis dificultades e procederase a agrupar ao alumnado de xeito que se poidan apoiar entre sí.

## 10. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE:

Teremos en conta que existe unha grande variedade de experiencias e habilidades por parte do alumnado. Os estudantes aprenden a ritmos diferentes e teñen distintos estilos de aprendizaxe. Ademais disto, terase en consideración que neste nivel os grupos son moi numerosos (25 alumnos). A diferenciación na aprendizaxe tratarase de varias formas:

- O desenvolvemento das sesións da unidade terán un enfoque integrador, acercando ao alumno a situacións contextualizadas da súa propia experiencia ou dos seus coñecementos previos, alternándose actividades de diversa natureza (observación, comprensión, expresión, reflexión, valoración, creación, aplicación, investigación) a través da actuación do mestre (motivación, explicacións, exemplificacións, preguntas, propostas de tarefas, etc.) e coa participación activa das alumnas e alumnos. No proceso de ensinanza-aprendizaxe favorecerase a atención individualizada sen esquecer que o traballo en grupo ou en parellas fomenta a cooperación e a axuda entre compañeiros (peer-scaffolding).
- Programaranse actividades que abarquen todos os estilos de aprendizaxe e teñan en conta as diferentes intelixencias múltiples, permitindo a participación dos alumnos a distintos niveis.
- Elaboraranse materiais para apoiar os alumnos con diferentes niveis (fast finishers, fichas de ampliación, de reforzo, etc.).
- Para asegurar que todos os alumnos participen na clase é importante modificar o nivel de resposta que se espera do alumnado.
- Ao longo do proceso educativo estimularase aos alumnos a través do emprego do reforzo positivo, valorando os éxitos que

vaian logrando cada alumno.

- Os sistemas de agrupamento adecuaranse ao tipo de actividades que se pretende desenvolver, incluíndo o grupo de clase, o traballo individual, os pequenos grupos e as parellas, tendo en conta en todo caso as medidas de seguridade indicadas.
- E por suposto, iniciaranse programas de apoio ou reforzo no momento de detectarse problemas.

## 11. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN EN CADA CURSO:

A través da lingua estranxeira traballaremos a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, o emprendemento e a educación cívica e constitucional.

## 12. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA:

| **AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN** | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | 0 | 1 | 2 | 3 | 4 | **5** |
| **Contribúe ao desen-volvemento das Compe-tencias Clave.** | | | | | | |
| **A concreción dos obxectivos éa correcta.** | | | | | | |
| **A concreción para cadaestándar é a axeitada.** | | | | | | |
| **A metodoloxía empregada adáptase á diversidade presente na aula.** | | | | | | |
| **Os materiais e recursos son individualizados e variados.** | | | | | | |
| **Os criterios de avaliación e cualificación son concretos.** | | | | | | |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **O Plan de Reforzo e Recuperación, de ser o caso, está ben realizado.** | | | | | | |
| **As MAD contempladas son asnecesarias.** | | | | | | |
| **Abórdanse os elemen-tos transversais.** | | | | | | |
| **Figuran actividades complementarias concretas e adaptadas, de ser o caso.** | | | | | | |
| **Ten presente os plans de centro á hora de levarse a cabo.** | | | | | | |

## 13. CONTRIBUCIÓN AOS PLANS DE CENTRO:

- PLAN TIC

En 3º de primaria non contamos con dispositivos para que o alumnado os empregue de xeito autónomo. Modelaremos para que o alumnado sexa quen de ser autónomo a hora de entrar na Aula virtual e no blogue de Inglés.

- PROXECTO LECTOR

Creación dunha biblioteca de aula con fondos da biblioteca escolar e préstamo dos mestres. Facilitar o acceso á mesma e á

biblioteca do centro incluindo tempo de lectura libre e autónoma periodicamente. Continuar proceso de arquivo de materiais segundo niveis de lectura.

En cada unha das unidades didácticas / proxectos presentarase como mínimo un libro (informativo ou non) en formato papel e/ou dixital axeitado ao tema a desenrolar e a idade e interese dos alumnos. Fomentarase a consulta de diferentes materiais de lectura (por lecer ou necesidade de información) na lingua estranxeira.

- BIBLIOTECA

Dende a área de lingua estranxeira contribuirase ao PDI sobre xogos e dinamización do patio escolar que se levará a cabo este curso 2021/22.

# PROGRAMACIÓN LINGUA ESTRANXEIRA: INGLÉS

## 2º EP

## ÍNDICE

1. INTRODUCIÓN: .......... 3

2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE. CONCRECIÓN DOS ESTÁNDARES QUE FORMAN PARTE DOS PERFÍS COMPETENCIAIS: .......... 3

3. CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS PARA O CURSO: .......... 4

4. CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE: TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN E PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN: .......... 4

5. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS: .......... 13

6. MATERIAL E RECURSOS DIDÁCTICOS A EMPREGAR: .......... 16

7. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN E A CUALIFICACIÓN: .......... 18

8. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINANZA E A PRÁCTICA DOCENTE: .......... 19

9. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS E COLECTIVAS QUE SE PODAN ADOPTAR A CONSECUENCIADOS SEUS RESULTADO: .......... 20

10. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE: .......... 20

11. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN EN CADA CURSO: .......... 21

12. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA .......... 21

13. CONTRIBUCIÓN AOS PLANS DE CENTRO: .......... 23

## 1. INTRODUCIÓN:

Curso: 2ºEP

Número de grupos: 2

Número de alumnos: 50

Todos os alumnos superaron a área de lingua estranxeira inglés no curso anterior.

Hai un alumno que non promocionou o curso pasado.

## 2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE. CONCRECIÓN DOS ESTÁNDARES QUE FORMAN PARTE DOS PERFÍS COMPETENCIAIS:

| C.A.A | C.C.L | C.S.C |
| --- | --- | --- |
| PLEB3.3. Fai hipóteses sobre o tema dun texto elemental a partir do tÍtulo do mesmo e das imaxes que o ilustran. | PLEB1.1 Comprende a información esencial dun conto, rima ou cancións moi breves, e moi sinxelos e previamente traballados, emitidos lentamente, cunha pronuncia ben articulada, e con apoios visuais moi redundantes que axuden á comprensión. | PLEB2.3. Amosa unha actitude de escoita atenta. .<br><br>PLEB5.12. Participa activamente en xogos de letras, elaboración de glosarios ilustrados, dramatización. |

## 3. CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS PARA O CURSO:

b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.

c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.

f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situación cotiás.

i) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.

## 4. CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE: TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN E PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN:

| Criterios de avaliación | Estándares | Grao mínimo para superar a área Indicador mínimo de logro | T 1 | T 2 | T 3 | CRITERIOS PARA A CUALIFICACIÓN | | C.C. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | % Peso no curso | Procedementos e Instrumentos de avaliación | |
| PLE-B1.1 | 2º-PLEB1.1 - Comprende a información esencial dun conto, rima ou canción moi breves, | Comprende a información esencial dun conto, rima ou canción moi breves, e moi sinxelos, previamente traballados, emitidos | | X | X | 3.5 % | PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. Análise das producións dos alumnos/as. Observación sistemática. | CCL |

| | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | e moi sinxelos, previamente traballados, emitidos lentamente, cunha pronuncia ben articulada, e con apoios visuais moi redundantes que axuden á comprensión. | lentamente, cunha pronuncia ben articulada, e con apoios visuais moi redundantes que axuden á comprensión. | | | | | INSTRUMENTOS: Asamblea. Resolución de exercicios (ordear imaxes, identificar elementos, ...) Posta en común. Escala de observación. | |
| PLE-B1.2 | 2º-PLEB1.2 - Comprende vocabulario básico sobre temas familiares a través de apoio visual. | Comprende vocabulario básico sobre temas familiares a través de apoio visual. | X | X | X | 3.5 % | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. Intercambios orais cos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Escala de observación. Posta en común. | CCL |
| PLE-B1.3 | 2º-PLEB1.3 - Comprende preguntas básicas(nome, idade e gustos) sobre si mesmo/a e dos e das demais. | Comprende preguntas básicas(nome, idade e gustos) sobre si mesmo. | | X | X | 3.5 % | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. Intercambios orais cos alumnos/as. Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Escala de observación. Entrevista. Xogos de simulación e dramáticos. Posta en común. | CCL<br>CAA |
| PLE-B1.4 | 2º-PLEB1.4 - Sigue instrucións e comprende peticións relativas á vida escolar e da súa contorna (Open/close the book, sit down?). | Sigue instrucións e comprende peticións relativas á vida escolar e da súa contorna (Open/close the book, sit down?). | X | X | X | 3.5 % | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.<br><br>INSTRUMENTOS: Diario de clase. | CCL |

| | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| PLE-B2.1 | 2º-PLEB2.1 - Fai presentacións moi breves e elementais previamente preparadas e ensaiadas sobre temas moi próximos a un mesmo e dos e das demais (dicir o seu nome e idade, a cor do pelo e os ollos, presentar á súa familia, indicar as súas preferencias) cunha pronuncia e entoación comprensibles. | Fai presentacións moi breves e elementais (mínimo 1 frase) previamente preparadas e ensaiadas sobre si mesmo, a súa familia, o seu xoguete e animal favorito. | | X | X | 3.5 % | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Observación sistemática.<br><br>INSTRUMENTOS: Producións orais. Diario de clase. | CCL |
| PLE-B2.2 | 2º-PLEB2.2 - Pregunta e responde para dar/obter información en conversas básicas (nome, idade, gustos). | Pregunta e responde para dar/obter información en conversas básicas (nome, idade, gustos). | X | X | X | 3.5 % | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.<br><br>INSTRUMENTOS: Escala de observación. | CCL |
| PLE-B2.3 | 2º-PLEB2.3 - Amosa unha actitude de escoita atenta | Amosa unha actitude de escoita atenta | X | X | X | 2.44 % | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.<br><br>INSTRUMENTOS: Diario de clase. | CSC |
| PLE-B2.3 | 2º-PLEB2.4 - Reproduce comprensiblemente textos orais sinxelos e breves (p.e. | Reproduce comprensiblemente textos orais sinxelos e breves (p.e. cancións, rimas) aprendidos a través de xogos. | X | X | X | 3.5 % | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.<br><br>INSTRUMENTOS: Escala de observación. | CLC |

| | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | cancións, rimas) aprendidos a través de xogos. | | | | | | | |
| PLE-B2.3 | 2º-PLEB2.5 - Amosa unha actitude positiva cara á aprendizaxe dunha lingua estranxeira. | Amosa unha actitude positiva cara á aprendizaxe dunha lingua estranxeira. | X | X | X | 2.44 % | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.<br><br>INSTRUMENTOS: Diario de clase. | CSC |
| PLE-B3.1 | 2º-PLEB3.1 - Comprende palabras e frases simples en textos moi sinxelos relacionadas cos temas traballados previamente de forma oral. | Comprende palabras e frases simples en textos moi sinxelos relacionadas cos temas traballados previamente de forma oral. | X | X | X | 3.5 % | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Intercambios orais cos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Caderno de clase. Resolución de exercicios. Posta en común. | CCL |
| PLE-B3.2 | 2º-PLEB3.2 - Comprende a idea principal dunha historia sinxela acompañada de apoio visual e identifica os e as personaxes principais. | Comprende a idea principal dunha historia sinxela acompañada de apoio visual e identifica os e as personaxes principais. | X | X | X | 3.5 % | PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Posta en común. Resolución de exercicios. | CCL |
| PLE-B3.3 | 2º-PLEB3.3 - Fai hipóteses sobre o tema dun texto elemental a partir do titulo do mesmo e das imaxes que o ilustran. | Fai hipóteses sobre o tema dun texto elemental a partir do titulo do mesmo e das imaxes que o ilustran. | X | X | X | 2.44 % | PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Asamblea. | CCL<br>CAA |
| PLE-B3.4 | 2º-PLEB3.4 - Le en | Le en voz alta frases | | X | X | 2.44 % | PROCEDEMENTOS: Observación | CCL |

| | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | voz alta textos sinxelos e previamente traballados de forma oral, con entoación e pronuncia comprensibles. | previamente traballadas de forma oral, con entoación e pronuncia comprensibles. | | | | | sistemática.<br><br>INSTRUMENTOS: Escala de observación. | CAA |
| PLE-B4.1 | 2º-PLEB4.1 - Escribe palabras relacionadas coa súa imaxe e a súa vida cotiá traballadas previamente de forma oral. | Escribe palabras traballadas previamente de forma oral e con soporte (algunha letra, ...) | X | X | X | 2.44 % | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Observación sistemática.<br><br>INSTRUMENTOS: Caderno de clase. Escala de observación. | CCL |
| PLE-B4.2 | 2º-PLEB4.2 - Escribe pequenos diálogos ou narracións moi sinxelas e breves seguindo un modelo dado e respectando a estrutura gramatical máis sinxela. | Completa pequenos diálogos colocando coas palabras que falta sendo estas facilitada. | | | X | 2.44 % | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Caderno de clase. | CCL |
| PLE-B4.3 | 2º-PLEB4.3 - Escribe frases moi sinxelas, organizadas con coherencia na súa secuencia e con léxico relacionado co tema da escritura. | Escribe frases moi sinxelas, organizadas con coherencia na súa secuencia e con léxico relacionado co tema da escritura. | | | X | 2.44 % | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Caderno de clase. Resolución de exercicios. | CCL<br>CAA |

| | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| PLE-B4.3 | 2º-PLEB4.4 - Completa unha táboa con datos persoais básicos (nome, apelido, idade...). | Completa unha táboa con datos persoais básicos (nome, apelido, idade...). | | X | | 2.44 % | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Observación sistemática.<br><br>INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios. Escala de observación. | CCL<br>CAA |
| PLE-B4.3 | 2º-PLEB4.5 - Revisa o texto antes de facer a súa versión definitiva, elaborando borradores nos que se observa a reparación da ortografía e doutros aspectos relacionados coa secuencia adecuada das frases e mesmo a pertinencia das ilustracións, se é o caso. | Revisa o que escribe contrastándoo con outras fontes (diccionario, libro,...) | | X | X | 2.44 % | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.<br><br>INSTRUMENTOS: Diario de clase. | CCL |
| PLE-B5.1 | 2º-PLEB5.1 - Identifica aspectos básicos da vida cotiá dos países onde se fala a lingua estranxeira (horarios, comidas, festas ?) e compáraos cos propios, amosando unha actitude de apertura cara ao | Identifica aspectos básicos da vida cotiá de países de fala inglesa e compáraos cos propios. | | X | X | 2.44 % | PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. Observación sistemática.<br><br>INSTRUMENTOS: Asamblea. Diario de clase. | CCL<br>CAA<br>CSC |

| | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | diferente. | | | | | | | |
| PLE-B5.2 | 2º-PLEB5.2 - Recoñece e aplica fórmulas básicas de relación social | Recoñece e aplica fórmulas básicas de relación social | X | X | X | 2.44 % | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.<br><br>INSTRUMENTOS: Diario de clase. | CCL<br>CSC |
| PLE-B5.3 | 2º-PLEB5.3 - Recoñece preguntas e respostas sinxelas sobre si mesmo/a e do e das demais | Recoñece preguntas e respostas sinxelas sobre si mesmo | X | X | X | 3.5 % | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Observación sistemática.<br><br>INSTRUMENTOS: Producións orais. Resolución de exercicios. Escala de observación. Xogos de simulación e dramáticos. | CCL |
| PLE-B5.4 | 2º-PLEB5.4 - Diferenza saúdos de despedidas e o uso de fórmulas de cortesía (Please, Thank you, escuse me...) | Emprega fórmulas de cortesía (Please, Thank you, escuse me...) axeitadamente. | X | X | X | 3.5 % | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Diario de clase. Xogos de simulación e dramáticos. | CCL<br>CSC |
| PLE-B5.5 | 2º-PLEB5.5 - Identifica, asocia e menciona palabras e frases simples moi próximos á súa idade con imaxes ilustrativas que clarifican o seu significado. | Identifica, asocia e menciona palabras e frases simples moi próximos á súa idade con imaxes ilustrativas que clarifican o seu significado. | X | X | X | 3.5 % | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Observación sistemática.<br><br>INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios. Escala de observación. | CCL |
| PLE-B5.6 | 2º-PLEB5.6 - Adquire as rutinas de saúdos e despedidas e diríxese aos demais | Adquire as rutinas de saúdos e despedidas e diríxese aos demais utilizando as fórmulas de cortesía básicas | | X | X | 3.5 % | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Escala de | CCL |

| | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | utilizando as fórmulas de cortesía básicas. | | | | | | observación. Xogos de simulación e dramáticos. | |
| PLE-B5.7 | 2º-PLEB5.7 - Expresa e identifica a posesión referida a si mesmo/a e a unha terceira persoa. | Expresa e identifica a posesión referida a si mesmo. | | X | X | 2.44 % | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Observación sistemática. Intercambios orais cos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Producións orais. Escala de observación. Posta en común. | CCL |
| PLE-B5.8 | 2º-PLEB5.8 - Expresa e identifica o que lle gusta e o que non lle gusta. | Expresa e identifica o que lle gusta e o que non lle gusta. | | X | X | 2.44 % | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Intercambios orais cos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Xogos de simulación e dramáticos. Producións orais. Resolución de exercicios. Posta en común. | CCL |
| PLE-B5.9 | 2º-PLEB5.9 - Estrutura adecuadamente os elementos das oracións, mantén a concordancia de número e usa correctamente os nexos máis básicos. | Estrutura adecuadamente os elementos das oracións, mantén a concordancia de número contando con soporte (un exemplo, ...) | | X | X | 2.44 % | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.<br><br>INSTRUMENTOS: Escala de observación. | CCL<br>CSC |
| PLE-B5.10 | 2º-PLEB5.10 - Diferenza preguntas e respostas moi sinxelas | Diferenza preguntas e respostas moi sinxelas | | X | X | 2.44 % | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.<br><br>INSTRUMENTOS: Diario de clase. | CCL<br>CSC |
| PLE-B5.11 | 2º-PLEB5.11 - Memoriza rutinas | Memoriza rutinas lingüísticas básicas e moi | X | X | X | 2.44 % | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. Análise das producións | CCL |

| | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | lingüísticas básicas e moi sinxelas para, por exemplo, desenvolverse nas interaccións de aula e expresar e preguntar cantidades. | sinxelas para desenvolverse nas interaccións de aula e expresar e preguntar cantidades. | | | | | dos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Escala de observación. Xogos de simulación e dramáticos. | |
| PLE-B5.12 | 2º-PLEB5.12 - Participa activamente en xogos de letras, elaboración de glosarios ilustrados, dramatizacións, etc. | Participa activamente en xogos de letras, elaboración de glosarios ilustrados, dramatizacións, etc. | | | X | 2.44 % | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.<br><br>INSTRUMENTOS: Diario de clase. | CCL CSC |
| PLE-B5.13 | 2º-PLEB5.13 - Expresa estados de ánimo elementais (happy/sad, bored...). | Expresa estados de ánimo elementais (happy/sad, bored...). | X | X | X | 2.44 % | PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Asamblea. Entrevista. | CCL CAA |
| PLE-B5.14 | 2º-PLEB5.14 - Comprende e usa adecuadamente o vocabulario básico necesario para participar nas interaccións de aula, ler textos infantís moi sinxelos e escribir con léxico traballado previamente de forma oral | Comprende e usa adecuadamente o vocabulario básico necesario para participar nas interaccións de aula, ler textos infantís moi sinxelos e escribir con léxico traballado previamente de forma oral | X | X | X | 3.5 % | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Observación sistemática.<br><br>INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios. Producións orais. Textos escritos. Xogos de simulación e dramáticos. Escala de observación. | CCL CSC |
| PLE- | 2º-PLEB5.15 - | Amosa interese por | X | X | X | 2.44 % | PROCEDEMENTOS: Observación | CCL |

| | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| B5.15 | Amosa interese por comunicarse na lingua estranxeira nas interaccións de aula. | comunicarse na lingua estranxeira nas interaccións de aula. | | | | | sistemática.<br><br>INSTRUMENTOS: Diario de clase. | |
| PLE-B5.15 | 2º-PLEB5.16 - Compara aspectos moi básicos e elementais (gráficos, sintácticos, léxicos) das linguas que coñece. | Compara aspectos moi básicos e elementais (gráficos, léxicos) das linguas que coñece. | | | X | 2.44 % | PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. Observación sistemática.<br><br>INSTRUMENTOS: Asamblea. Diario de clase. | CCL |

## 5. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS:

A metodoloxía didáctica no ensino da lingua estranxeira será esencialmente comunicativa, polo que os elementos do currículo definíronse en base aos procesos de comunicación aos que van enfocados: comprensión e produción de textos orais e escritos.

A metodoloxía estará dirixida a conseguir que a aprendizaxe da lingua estranxeira teña unha finalidade práctica, é dicir, que os alumnos poidan aplicar os seus coñecementos no mundo real. O alumno traballará na adquisición das competencias implicadas na comunicación e a capacidade de polas en práctica nos diferentes contextos de aprendizaxe. Fomentarase o uso da lingua no desenrolo das sesións.

Tentarase que os contextos e situacións nas que os alumnos se aproximan ao idioma sexan relevantes e relacionados coas súas experiencias.

Complementaremos a aprendizaxe da lingua coa aprendizaxe integrada de contido doutras areas simultaneamente cos obxectivos da linguaxe e os obxectivos dos contidos. Desta maneira, aprender inglés non se limita a adquirir simplemente outro conxunto de palabras,

senón que implica o desenvolvemento dos conceptos que hai detrás das propias palabras. O alumno poderá desenvolver as súas destrezas de pensamento coas súas habilidades comunicativas en lingua inglesa.

A aprendizaxe é máis efectiva cando se **goza do proceso**. Tanto as cancións, como as rimas, as historias ou os xogos proporcionan formas divertidas coas que abarcar unha variada tipoloxía de actividades, así como os diferentes estilos de aprendizaxe.

Tendo en conta a importancia do **filtro afectivo** como principio de adquisiciòn dunha lingua, o bo ambiente da aula xoga un papel esencial no desenvolvemento das clases, polo que fomentaremos o **traballo cooperativo**. **(respectando as indicacións da Consellería no que respecta a prevención de riscos relacionados coa COVID19).** Para este tipo de traballo cooperativo, respectaranse os subgrupos estables de convivencia que se creen na aula burbulla para o traballo co seu mestre de referencia.

A práctica oral preséntase de diferentes formas: actividades de repetición como rimas, cancións ou trabalinguas, diálogos onde os alumnos toman parte lendo a transcrición, modificando modelos ou creando a partir de exemplos segundo a súa capacidade, xogos diversos que implican expresión oral, facer preguntas ou realizar descricións para seguir o xogo, actividades de role-play e intercambios de preguntas e respostas en parellas e ou grupos.

O propósito é axudar ao neno a comprender e usar a lingua a base de maximizar a súa exposición á mesma. Como mestres debemos ter coidado de non limitarnos a unha visión pechada da cantidade de vocabulario non coñecido que os alumnos poden entender.

Os contos, cancións e historias de interese para o alumnado serán o centro principal de cada unidade, reforzando a experiencia positiva de ler en inglés. As historias serán o vehículo condutor para introducir ou revisar o vocabulario central de cada unidade e proporcionan diferentes oportunidades para atopar ese vocabulario en contextos significativos.

Animarase aos alumnos a que se esforcen ao máximo coa súa CAPACIDADE COMUNICATIVA. Para iso, debemos ser conscientes de que a comunicación real implica que os alumnos utilicen a lingua para dicir o que verdadeiramente queren, e non o que queremos que digan.

En canto ao tipo de **ACTIVIDADES** (tipo de actividades que se levarán a cabo ao longo de cada unha das unidades de aprendizaxe/proxectos), a relación que segue pretende ser unha compilación das mesmas.

Bloque 1: Comprensión de textos orais.

- Rutinas diarias: data, tempo meteorolóxico, estado emocional, ...
- Escoita atenta de contos con apoio visual.
- Responder física/oralmente a preguntas sobre contos.
- Completar oralmente términos que falten en historias/cancións.
- Ordenar secuencias en historias/cancións.
- Actividades de resposta física.
- Asociar imaxes con palabras/frases emitidas oralmente.
- Respostar preguntas sobre si mesmo no contexto da clase.
- Audición e interpretación (resposta física) de cancións que recollan vocabulario e estruturas traballadas.
- Xogos de parella/grupos.

Bloque 2: Produción de textos orais.

- Xogos de imitación.
- Cantar cancións e recitar rimas en parellas ou pequeños grupos, mantendo as medidas de seguridade.
- Completar información básica en intervencións nas que se omiten datos.
- Diálogos dirixidos.
- Representar pequenas obras teatrais.

Bloque 3: Comprensión de textos escritos.

- Ordenar secuencias dunha historia.
- Relacionar palabras, frases e/ou fragmentos escritas con imaxes.
- Atopar palabras coñecidas en dicionarios visuais e bilingües.
- Substituir imaxes por palabras e viceversa.

Bloque 4: Produción de textos escritos.

- Copiar palabras, frases e/ou pequenos fragmentos.
- Encher ocos con palabras coñecidas para completar frases/textos pequenos.
- Substituir imaxes por palabras.
- Ordenar palabras para obter frases con significado.
- Completar fichas técnicas.

Bloque 5: Coñecemento da lingua e consciencia intercultural.

- Todos os tipos de actividades anteriormente relacionadas.
- Traballo de vocabulario, expresións e estruturas para axudar a unha boa comprensión e expresión tanto oral como escrita.

**No caso de alumnado que non poida asistir de xeito presencial ao centro, empregarase a aula virtual como ferramenta para copmpartir recursos e de comunicación así como a aplicación de videoconferencias facilitada pola Consellería de Educación.

## 6. MATERIAL E RECURSOS DIDÁCTICOS A EMPREGAR:

- Aula de lingua estranxeira:
- Pizarra dixital.
- Ordenador.
- Altofalantes
- Aula virtual

➢ Recursos do Mestre:

- Proposta curricular.
- Programacións anual, de cada unidade e diario de clase.
- Materiais audiovisuais varios.
- Pósters.
- Material manipulativo, xoguetes… que sirvan de apoio ao desenvolvemento das sesións impulsando a práctica da linguaxe en clase.
- Flashcards que abarquen o vocabulario chave das diferentes unidades.
- Story cards.
- Dicionarios.
- Resource Book, libro de recursos do mestre incluindo materiais para "fast finishers", reforzo, ampliación e imprevistos.

Materiais TIC:

- Aula virtual.
- Blog de inglés (http://helloteachermarta.blogspot.com/)
- Ferramentas para gravación de audio e montaxe de vídeos.
- Materiais compartidos na rede e páxinas web, como, por exemplo: http://www.enchantedlearning.com, http://www.britishcouncil.org, http://www.youtube.com, http://www.bbc.co.uk, http://www.twinkl.com, http://www.

eslkidsworld.com

- Material do alumno:.

GO! 2 STUDENT´S PACK. Ed. RICHMOND 2018.

## 7. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN E A CUALIFICACIÓN:

A avaliación será un proceso sistemático e obxectivo que avalíe tanto o proceso de ensino como o de aprendizaxe e se desenvolverá nos tres momentos principias do proceso de ensino-aprendizaxe.

**Avaliación inicial** para diagnosticar o nivel de adquisición dos estándares do nivel anterior e as posibles dificultades, así como as súas motivacións, expectativas e intereses para adaptar a metodoloxía ás características concretas do mesmo. Os seus resultados reflectiranse nunha folla de observación e non terá valor cuantitativo.

**Avaliación continua**, durante todo o proceso para analizar en todo momento os progresos e as dificultades que vaian xurdindo. Así, poderemos adaptar e modificar as accións educativas para mellorar o proceso.

